

Poemas inéditos da lírica galega postrobadoresca

Atoparás o texto co que traballaremos no seguinte enderezo web:

<http://www.europapress.es/galego/noticia-libro-recompila-23-poemas-ineditos-da-lirica-galega-postrobadoresca-localizados-nun-arquivo-particular-20130430145804.html>

Entendendo o texto

1. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *arquivo*, *reformular*, *excepcionalidade* e *antoloxía*.
2. Resume o texto.
3. Contesta as seguintes cuestións:
 - Como se titula o libro que presentou o profesor Monteagudo?
 - Que documentos se publican nese libro?
 - Onde foron localizados estes documentos?
 - Cando e onde foron redactados?
 - Que é o que permitiu datar os documentos publicados?
 - Con que casa nobiliaria medieval se relacionan os documentos publicados?
 - Por que se atribúen a Afonso Paez?
 - Cal é a importancia que segundo Henrique Monteagudo teñen para a historia literaria galega?
 - Que características “sorprendentes” presentan?

Escribimos nós

Escribe un correo electrónico, dirixido a unha amigo ou amiga, no que lle expliques a importancia do descubrimento dos textos que veñen de ser publicados.

Investigamos nós

1. Europa Press é unha axencia de información. Que é unha axencia de información ou axencia de noticias?

2. Cando nacen as axencias de información?
3. Cales son as principais axencias de información do mundo? Cales son as principais axencias de información de Galicia?
4. En que consiste o traballo dos arquivistas ou arquivistas?

Recursos

Wikipedia

http://es.wikipedia.org/wiki/Agencia_de_noticias

<http://es.wikipedia.org/wiki/Archivero>

ANABAD (Asociación de Arquivistas, Bibliotecarios, Museólogos e Documentalistas de Galicia)

<http://www.anabadgalicia.net/>

Guía de comunicación Xunta de Galicia

<http://www.xunta.es/guia-da-comunicacion>